



2023/ABSSUB/000005

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Ordinaria que tivo lugar o día 13.06.2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

F.- SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO PARA DIVERSAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. 2023/ABSSUB/000005.

Examinado o expediente do contrato de subministro que se menciona na parte dispositiva deste acordo, resultan relevantes os seguintes feitos:

- 1.-Elaborouse o prego de prescricións técnicas do contrato de subministro mencionado na parte dispositiva deste acordo.
- 2.-O Concelleiro da área Legal e Económica, acordou o inicio deste procedemento.
- 3.-Formulouse o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán este procedemento aberto.
- 4.-Emitiuse o informe preceptivo do Secretario da Administración municipal (por delegación da Asesoría Xurídica).

Fundamentos xurídicos

Primeiro.-O artigo 131 da LCSP establece que o procedemento aberto constitúe un dos procedementos ordinarios para adxudicar os contratos, e en consecuencia pode acudirse a este procedemento neste caso. Así mesmo, de conformidade co artigo 159 da LCSP, ao tratarse dun procedemento simplificado, deberá publicarse anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Pontevedra.

Segundo.-O prego de cláusulas administrativas particulares que consta no expediente de contratación cumpre coas determinacións establecidas no artigo 122 da LCSP e nos apartados 2 e 3 do artigo 67 do regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, e nel se indica o réxime aplicable a este contrato.

Terceiro.-A competencia para a aprobación do expediente de contratación así como dos pregos é da Xunta de Goberno Local de conformidade cos artigos 117 e apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP.

Á vista do exposto, e unha vez que se teñen incorporado ao expediente o correspondente certificado de existencia de crédito orzamentario expedido pola oficina de contabilidade, e o preceptivo informe de fiscalización emitido pola Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (CSV: R1VCV7WL26JV7IOJ), o prego de prescricións técnicas particulares (CSV: GO3G7ARGTN7WBE6Q) e o expediente de contratación do contrato cuxos datos se mencionan a continuación:

EXPEDIENTE DO CONTRATO DE SUBMINISTRO	"SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO PARA DIVERSAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA" 2023/ABSSUB/000005
---------------------------------------	---





ORZAMENTO	115.206,05 €
IVE	24.193,27 €
ORZAMENTO TOTAL	139.399,32 €
PRAZO DE ENTREGA DO SUBMINISTRO	2 MESES

Segundo.- Aprobar e autorizar o gasto que implica o contrato para esta Administración con cargo á aplicación e operación do estado de gastos do orzamento para o exercicio corrente que conste no informe emitido pola oficina de contabilidade e pola Intervención Xeral Municipal.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento aberto simplificado e ordenar a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Pontevedra.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

